

D.^a Virginia Fraga Díaz, SECRETARIA XERAL DO ILMO. CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 31 de agosto de 2022, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUCACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. NIURKA FORMOSO ÁLVAREZ. EXPED. 2022/X999/556

EXPEDIENTE: 2022/G003/001150

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía de 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 22 de xullo de 2022, presentouse por D.^a Niurka Formoso Álvarez unha solicitude de concesión dun nicho no cemiterio municipal (rex. entrada nº 3883).

Considerando que, de acordo coa documentación que obra no expediente, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde a que o falecemento da súa avoa tivo lugar o día 21 de xullo de 2022, téndose previsto proceder a darlle sepultura o 22 de xullo de 2022 (rex. entrada nº 3.883, de 22/07/2022).

Considerando que a persona interesada aportou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, non podendo esperar a persoa interesada á súa obtención para que lle sexa adxudicado o nicho, polas circunstancias concorrentes, comprometéndose en todo caso a solicialos e aportalos ao Concello á maior brevidade posible.

Considerando que a interesada, na documentación presentada, acreditou o aboamento de 1.320 €, que se corresponde co importe das tarifas de concesión dun nicho (1.250 €), co importe da licenza de apertura e inhumación (60 €) e co importe anual de vixilancia e conservación (10 €).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns, do 22 de xullo de 2022, incorporada ao expediente.

Considerando que obra no expediente a documentación acreditativa do ingreso da garantía definitiva por importe de 35,80 € así como os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social (rex. entrada nº 3974, de 01/08/2022, e nº 4221, de 22/08/2022).

Considerando que, segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos das Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo presumíranse válidos e producirán efectos dende a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa podendo, excepcionalmente, outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando, entre outros supostos, produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Considerando que, ademais da declaración da persoa interesada de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (rex. entrada nº 3.884, de 22/07/2022), no día da data, obran no expediente os certificados de estar ao corrente coas obrigas citadas (rex. entrada nº 3.974, de 01/08/2022, e nº 4.221, de 22/08/2022)

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 25 A do bloque 2 a D.^a Niurka Formoso Álvarez, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable, con efectos do 22 de xullo de 2022, data na que come

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.”

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, xoves 6 de outubro de 2022.

Vº e Praxe

A secretaria xeral

O alcalde

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz